

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 27 DE MARZO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e tres minutos do día vinte e sete de marzo do ano dous mil dezasete, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.

Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D^a. Ana M^a. Prieto Martínez.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CELEBRADAS OS DÍAS 26/01/2017 (ORDINARIA) E 16/02/2017 (EXTRAORDINARIA)

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta (12 votos a favor), procede á aprobación da acta da sesión de 26/01/2017, coa abstención da Sra. Rico López, motivada por non ter asistido á citada sesión.

Asimesmo, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede á aprobación da acta da sesión de 16/02/2017.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DO 1/2017 AO 4/2017

O Pleno toma coñecemento dos Decretos da Alcaldía comprensivos do 1/2017 ao 4/2017, copia dos cales figuran a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

3º.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE CAMIÑO EN LIÑARES

O Pleno coñece do expediente de cesión de camiño en Liñares, debidamente identificado pola súa referencia catastral, e tramitado a instancia dos titulares catastrais que ostentan a propiedade o calquera outro dereito sobre o mesmo.

Fan constar, mediante as correspondente sinaturas autenticadas, que ceden voluntaria a gratuitamente ao Concello de Neda a propiedade e /ou os demais dereitos que ostentan sobre o citado camiño.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno emite ditame sobre o expediente, na súa sesión ordinaria de 21 de marzo de 2017.

Consta informe dos servizos técnicos municipais do seguinte tenor literal:

“En referencia ó asunto do encabezado, consultada a información obrante nos arquivos municipais, e unha vez xirada visita ó lugar, O Arquitecto Municipal que suscribe emite o seguinte:

ANTECEDENTES:

Consultados polo que suscribe os datos obrantes na Dirección Xeral do Catastro, identifícanse ós titulares das fincas colindantes co camiño cuxa cesión se está a propoñer:

Nº	IDENT. CATASTRAL	TITULAR	CATASTRO	COMENTARIOS
1	15056A012002360000HK 15056A012002360001JL	JOSE LOPEZ LAMAS	O.K.	100% Propiedad Es la finca donde termina el camino
2	001800900NJ71G0000KR 001800900NJ71G0001LT	JOSE ANTONIO OTERO RAMIL MARIA VEGA LOPEZ	O.K.	50% Propiedad 50% Propiedad
3	15056A012002370000HR	CARMEN LISTE RAÑA CARMEN LISTE RAÑA DANIEL BARRO LISTE Hros. JOSE A. BARROS LISTE MANUEL BARRO LISTE	O.K.	50% Usufructo 50% Propiedad 16,67 Nuda propiedad 16,67 Nuda propiedad 16,67 Nuda propiedad
4	15056A012002270000HP	RAIMUNDO CALVO FONTAO	O.K.	
5	002300200NJ71G0001ST 000501800NJ61F0000XF	JUAN JOSE FERNANDEZ PIÑON MERLY LORENA CASTRO ESPINOSA	O.K.	50% Propiedad 50% Propiedad

INFORME:

1. O Concello de Neda réxese urbanisticamente polas Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 22 de xullo de 1992 e publicadas no B.O.P. nº 281 de data 5 de decembro de 1992.

2. Conforme a ditas normas o solo onde se sitúa o camiño que se pretende ceder atópase cualificado como Réxime Normal dos solos Non Urbanizables (ordenanza N° 9); e en aplicación da disposición transitoria primeira da vixente Lei 2/2016 do Solo de Galicia, como **solo rústico**, coa categoría de solo rústico **de protección ordinaria**
3. O camiño obxecto de cesión figura reflectido na cartografía das NN.SS, se ben carece de aliñacións oficiais fixadas para o mesmo; estase polo tanto ó indicado na normativa das NN.SS., art. 55.5.3.b referido a camiños rurais de acceso e relación.
4. O camiño ten unha lonxitude aproximada de 155 metros e largo variable
5. Obra no expediente folla de compromiso de cesión voluntaria e gratuíta da propiedade e demais dereitos ostentados sobor de dito camiño polas persoas reflectidas no cadro de antecedentes.

Visto o exposto nos puntos anteriores, entende o técnico que subscribe, que pode informar, e informa, **FAVORABLEMENTE** a proposta de cesión do referido camiño."

De acordo cos antecedentes expostos sométese o asunto a:

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar inicialmente a cesión voluntaria e gratuíta do camiño referenciado catastralmente no informe do Arquitecto dos servizos técnicos municipais, e planos adxuntos que figuran no seu expediente, cara a incorporalo ao dominio público municipal como ben de uso público.

SEGUNDO.- Someter este acordo inicialmente adoptado a trámite de información pública mediante a correspondente inserción de anuncio no BOP, e no tablón de edictos do Concello, por prazo de trinta días, para que se poidan formular alegacións, observacións ou reclamacións.

TERCEIRO.- Caso de non presentarse alegacións, observacións ou reclamacións no trámite de información pública, elevarase a definitivo o acordo ate entón inicial, procedendo á inscrición do mencionado camiño no Inventario municipal de bens e dereitos.

4º.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE CAMIÑO EN BERNÉS

O Pleno coñece do expediente de cesión de camiño en Bernés, debidamente identificado pola súa referencia catastral, e tramitado a instancia dos titulares catastrais que ostentan a propiedade o calquera outro dereito sobre o mesmo.

Fan constar, mediante as correspondente sinaturas autenticadas, que ceden voluntaria a gratuitamente ao Concello de Neda a propiedade e /ou os demais dereitos que ostentan sobre o citado camiño.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno emite ditame sobre o expediente, na súa sesión ordinaria de 21 de marzo de 2017.

Consta informe dos servizos técnicos municipais do seguinte tenor literal:

“En referencia ó asunto do encabezado, consultada o información obrante nos arquivos municipais, e unha vez xirada visita ó lugar, O Arquitecto Municipal que suscribe emite o seguinte:

ANTECEDENTES:

Consultados polo que suscribe os datos obrantes na Dirección Xeral do Catastro, identifícanse ós titulares das fincas colindantes co camiño cuxa cesión se está a propoñer:

15056A001010050000HL	Hdros. José Fragueta Díaz	Casadelos Nº 17
9089801NJ6198N0001QK	José Ardao Leal	Bernés Nº 22
9089802NJ6198N0001PK	M. Lourdes Trigo Soto	Bernés Nº 23
"	Santiago Santalla Lourido	"
9089805NJ6198N0001FK	Edita Corral Méndez	C/ Carlos III Nº 16, bajo
"	Vicente Mosquera Méndez	"
9089804NJ6198N0001TK	Hrdos. Manuel Pazos Lombao	Bernés Nº 18
9089803NJ6198N0001LK	En investigación, art. 47º, L33/2003	

INFORME:

1. O Concello de Neda réxese urbanisticamente polas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 22 de xullo de 1992 e publicadas no B.O.P. nº 281 de data 5 de decembro de 1992.

2. Conforme a ditas normas o solo onde se sitúa o camiño que se pretende ceder atópase cualificado como Solo de Núcleo Rural, ordenanza nº 7 de Edificación Extensiva en Núcleos Rurais Tradicionais, clasificación e cualificación que se mantén invariable pola aplicación da disposición transitoria primeira da vixente Lei 2/2016 do Solo de Galicia.
3. O camiño obxecto de cesión figura reflectido na cartografía das NN.SS, se ben carece de aliñacións oficiais fixadas para o mesmo; estase polo tanto ó indicado na normativa das NN.SS., art. 55.5.3.b referido a camiños rurais de acceso e relación.
4. O camiño ten unha lonxitude aproximada de 62,50 metros e largo variable
5. Obra no expediente folla de compromiso de cesión voluntaria e gratuíta da propiedade e demais dereitos ostentados sobor de dito camiño polas persoas reflectidas no cadro de antecedentes.
6. No referido á finca identificada pola súa referencia catastral 9089803NJ6198N0001LK, respecto de cuxa titularidade, a Dirección Xeral do Catastro indica atoparse en investigación, consonte o art. 47º, da Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, compre indicar que, toda vez que estase a tratar dun camiño xa materializado, en uso dende hai un número indeterminado de anos, e non se prevé actuación algunha que afecte á súa sección transversal, a asunción da titularidade do mesmo por parte desta Administración non afecta en modo algún á realidade física da referida finca, que non ve alterada a súa xeometría, cabida ou condicións físicas ou topográficas por mor de dita asunción de titularidade. Na visita xirada polo que suscribe puido comprobarse que a referida finca dispón duns límites perfectamente identificables, constituíndo un corpo certo perfectamente identificable e diferenciable do camiño obxecto do presente documento. A xuízo do Arquitecto Municipal que suscribe, a situación de indefinición respecto da titularidade da referida finca non supón impedimento algún para a asunción da titularidade do camiño por parte desta Administración.

Visto o exposto nos puntos anteriores, entende o técnico que suscribe, que pode informar, e informa, **FAVORABLEMENTE** a proposta de cesión do referido camiño."

De acordo cos antecedentes expostos sométese o asunto a:

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar inicialmente a cesión voluntaria e gratuíta do camiño referenciado catastralmente no informe do Arquitecto dos servizos técnicos municipais, e planos adxuntos que figuran no seu expediente, cara a incorporalo ao dominio público municipal como ben de uso público.

SEGUNDO.- Someter este acordo inicialmente adoptado a trámite de información pública mediante a correspondente inserción de anuncio no BOP, e no tablón de edictos do Concello, por prazo de trinta días, para que os que se poidan formular alegacións, observacións ou reclamacións.

TERCEIRO.- Dar conta de este acordo á Xerencia Rexional do Catastro en Galicia, en relación coa finca de referencia catastral 9089803NJ6198N0001LK, de conformidade co disposto no punto 6º do informe do Arquitecto dos servizos técnicos municipais.

CUARTO.- Caso de non presentarse alegacións, observacións ou reclamacións no trámite de información pública, elevarase a definitivo o acordo ate entón inicial, procedendo á inscrición do mencionado camiño no Inventario municipal de bens e dereitos, sempre e cando non se formule desconformidade por parte da Xerencia Rexional do Catastro en Galicia, en exercicio das súas competencias, e respecto a finca catastral mencionada no dispositivo anterior.

5º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS, CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES

A portavoz do grupo municipal, Sra. Pena Barcia, da lectura á moción do seguinte tenor literal:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Único de Concellos (POS+2017), aprobado pola Deputación da Coruña no pleno do 25 de novembro de 2016, é un modelo singular de cooperación entre a Deputación e os concellos que, entre outros obxectivos, pretende mellorar e simplificar as fórmulas de cooperación cos concellos, facilitándolles a tarefa de elaboración do seu orzamento anual, ao contar cunha previsión firme na aportación provincial, permitíndolle dar

resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, simplificando ao mesmo tempo as tarefas administrativas, coa consecuente rebaixa na sobrecarga de traballo do persoal dos concellos. Cómpre destacar, así mesmo, que este plan de colaboración cos concellos contempla a distribución de fondos con criterios obxectivos (os criterios POS), uns criterios que suscitan un amplísimo e moi maioritario apoio entre os concellos da provincia. É, pois, un instrumento de cooperación que avanza claramente na transparencia do reparto dos fondos e que permite que os concellos teñan un marco referencial da achega total inicial da Deputación da Coruña, que, por outra parte, ten un carácter dinámico, xa que as propias bases do Plan recollen a posibilidade de incrementar a súa dotación orzamentaria con cargo aos remanentes que se xeren ao longo do exercicio. O Plan Único afonda igualmente no concepto de autonomía local, posto que facilita que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades municipais de cada concello.

Outros aspectos positivos e innovadores a destacar do Plan Único da Deputación da Coruña son: primeiro, que non esixe aos concellos o seu cofinanciamento, como si lles esixen os “Plans Finalistas” que levan aparelado unha porcentaxe de endebedamento local, evitando con isto provocar que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda; segundo, que ofrece un mecanismo aos concellos en dificultades para sanear as súas contas públicas; e terceiro, que facilita que se rebaixen os períodos medios de pago ás empresas, o que evita que os concellos con graves problemas económicos se vexan na obriga de reducir servizos ou de subir taxas e impostos aos seus veciños e veciñas para poder facerlle fronte ao seu déficit e/ou débeda.

Con este Plan Único de Concellos (POS+2017) a Deputación da Coruña está a marcar un novo camiño para outras administracións no ámbito da cooperación local. Só hai que salientar un dato comparativo: mentres a Deputación destina inicialmente ao Plan Único 74 millóns de euros para os 93 concellos da provincia (que ao final do exercicio 2017 prevese que poida alcanzar a cifra de 100 millóns), a Xunta de Galicia unicamente achega 120 millóns ao Fondo de Cooperación Local para os 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Neda a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma.”

DEBATE: Sr. Cabezón Lorenzo: nós dispoñemos de outros datos diferentes. Os 120 millóns de euros que aporta a Xunta de Galicia ao Fondo de Cooperación Local non é toda a aportación autonómica, porque as axudas da Xunta non se limitan ao FCL, senón que fai convocatorias de axudas e subvencións a maiores, ascendendo a cantidade total destinada aos Concellos a 328 millón de euros o pasado ano.

Sra. Pena Barcia: a nosa moción compara datos iniciais de aportación da Xunta e da Deputación Provincial da Coruña.

Sr. Alcalde: o que pretendemos coa nosa proposta é que dende principio de ano se coñezan as convocatorias de subvencións e as cantidades destinadas a cada Concello.

Sr. Cabezón Lorenzo: ao principio gustounos a moción, porque nós tamén gobernamos este Concello, pero o certo é que moitas veces non resulta doado coñecer ao principio de exercicio orzamentario todas as necesidades municipais, por iso está ben que as convocatorias poidan ser con carácter sucesivo ao longo do ano.

Sr. Pita Galego: estamos a favor da moción, porque o noso grupo sempre está de acordo coa transparencia.

Sra. Bouza Bellón: a favor da moción, porque o Plan único da Deputación Provincial de A Coruña é transparente.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por maioría absoluta presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, e 4 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as do PP.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MOVENEDA SOBRE A “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL”

O portavoz do grupo municipal, Sr. Pita Galego, da lectura á moción do seguinte tenor literal:

“D. Juan Carlos Pita Galego e D. Carlos Caaveiro Puentes concelleir@s do *Movemento Veciñal*

Neda – MOVENEDA, o primeiro actuando como Voceiro do *Grupo Municipal Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA* do Concello de Neda, ao abeiro do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan ante ese Pleno Corporativo a seguinte **MOCIÓN** a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a “Modificación de ordenanza fiscal núm. 8 reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral” baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresas de subministración de enerxía eléctrica, gas, auga ou hidrocarburos pagan unha taxa pola explotación que fan do servizo a través da ordenanza reguladora da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo. Segundo esta ordenanza están obrigadas a pagar o 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal.

Con todo, á vista das sentenzas 36/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e mais 2726/2016 do Tribunal Supremo (entre outras relacionadas) este Concello pode impoñer un tributo por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local motivado sobre un informe económico-financeiro co fin de que estas subministradoras contribúan ao erario público e a Corporación poida exercer a potestade recadatoria municipal.

De feito, o estudo económico-financeiro baseado no informe do SAI da Federación Española de Municipios e Provincias cifra o feito imponible no 5% do valor do aproveitamento sobre unhas táboas que concretan o metro lineal de afección a dominio público municipal. O Supremo estima as tarifas por metro lineal segundo o tipo de tensión, baixa, media ou alta e o tipo de distribución das gasísticas ou empresas de abastecemento, e gravan con entre 2,92 e 12,35 euros cada metro de liña de alta tensión -máis de 66 quilovatios- e aplican un abano de 0,56 a 3,04 para as de media e baixa. Os cálculos que se están a facer a nivel de Estado sinalan unha expectativa para os municipios de ingresar un mínimo de 305,6 millóns anuais pola alta tensión e 477,7 pola media e a baixa, cando Endesa, Iberdrola e Gas Natural en 2015 tiveron 5.000 millóns de euros de beneficios.

Dadas as características do noso concello como zona de paso cara a Narón e Ferrol, no termo municipal hai quilómetros destas redes que dan servizo tanto a Neda como a parte de Ferrolterra polo que se trata dunha medida fiscal cunha repercusión económica salientable. Somos conscientes que levar a cabo o inventario de redes de distribución afectadas esixirá un traballo de campo intenso e complexo para os técnicos municipais porque, antes de nada, habería que cuantificar oficialmente as redes de distribución pero consideramos que esta oportunidade de acadar unha fiscalidade máis eficiente, xusta e equitativa para todo o tecido social non se pode pasar por alto.

É por iso que propoñemos modificar a ordenanza existente para regular esta materia, aplicar o marco legal vixente e desenvolvela de forma específica, establecendo un marco tarifario igual ou similar ao Anexo que regula este punto na Ordenanza Fiscal núm. 27 do Concello de Arteixo

Por todo isto, o Pleno **ACORDA**

Abrir e tramitar en 2017, respectando os prazos legais, o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 8 reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral tendo en conta as sentenzas xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e Tribunal Supremo."

DEBATE: Sra. Pena Barcia: Se pide abrir y tramitar en el 2017 expediente de modificación de la Ordenanza, teniendo en cuenta las sentencias del TSJG y el TS, y bien, la del TSJG no tiene valor jurisprudencial entre otras cosas porque ha sido casada por el TS. No podemos estar más de acuerdo en que las empresas de suministros paguen todas las tasas que sean posible, pero lo que es absolutamente inviable para un Ayuntamiento como el nuestro es hacer esto en el 2017 tal y como se solicita, por razones obvias:

- No existe jurisprudencia de aplicación obligatoria, la sentencia del Concello de Arteixo, ni es de unificación de doctrina, ni del pleno; es más tiene tres votos particulares radicalmente en contra de la sentencia, lo que se ve en muy pocas ocasiones, es necesario que se cree jurisprudencia de ineludible aplicación, lo que a día de hoy no existe.
- De esta sentencia se ha hecho un estudio por la Federación Española de Municipios y tras el estudio de expertos, recomiendan “ aplicar un criterio de prudencia y que cada entidad local valore si el esfuerzo que supone realizar el preceptivo informe técnico -económico y la posterior defensa jurídica de la Ordenanza PREVISIBLEMENTE IMPUGNADA, pueda resultar económica en comparación con el rendimiento del tributo, recomienda acudir al asesoramiento de los servicios y organismos de gestión tributaria de la Diputaciones muy especialmente en el caso de los Ayuntamientos de menor dimensión.
- Como dice la FEMP evidentemente van a impugnar las empresas, precisamente porque no pueden permitir que se cree jurisprudencia, un Ayuntamiento como el nuestro, con nuestra escasa capacidad económica en modo alguno puede afrontar un procedimiento judicial de ese coste ni encargar un informe técnico, que evidentemente habría de encargarse a una empresa externa, con el elevado coste que conlleva, no tenemos personal técnico para ese estudio, sin antes saber de alguna manera que beneficios económicos reales tendría para nosotros, porque efectivamente puede resultar antieconómico
- Y si compensa económicamente, entendemos correcto la recomendación de actuar con prudencia y esperar tener criterio jurisprudencial firme, no podemos ser nosotros ni Concellos como el nuestro los que se embarquen en cruzadas judiciales, han de sentar esa base los Concellos fuertes, económicamente hablando, y con interés claro los que han de ir sentando esas bases.
- Es que en modo alguno podemos compararnos ni remotamente con el Concello de Arteixo, quien tiene uno de los polígonos industriales más grande de España, la verdad ellos no tenían nada que perder si se compara con lo que van a recaudar, pero en nuestro caso, la recaudación va a ser ínfima y el gasto, sin seguridad de éxito, manifiesto.

Por todo ello , tal y como está planteada esta moción, vamos a votar en contra, porque de ninguna manera podemos comprometer el inicio de la modificación durante este año, aceptamos el criterio de la FEMP y esperaremos al desarrollo jurisprudencial y si resultare beneficioso económicamente para nosotros, lo que habrá que estudiar, en ese momento en el que se pueda ir sobre seguro, sólo en ese momento iniciaremos los

trámites, porque gobernar es gestionar, no podemos permitirnos jugarnos a lo loco cantidades ingentes de dinero, sin tener posibilidades de éxito y beneficio económico, lo contrario sería una irresponsabilidad manifiesta y una negligencia en la gestión.

Sr. Cabezón Lorenzo: totalmente de acuerdo con los argumentos defendidos por la portavoz del PSOE, hay que actuar con prudencia, y cuando se pueda, sin costes sobre añadidos, debe hacerse un estudio de impacto económico.

Sra. Bouza Bellón: coincidimos co PSOE, non podemos actuar nestes prazos sen facer un estudo de custos previamente.

Sr. Pita Galego: tratamos de defender a facenda municipal, para que as compañías de suministro eléctrico paguen o que lles corresponda, pero á vista das argumentación dos grupos municipais, propoñemos entón deixar a moción sobre a mesa, ate que se dean as condicións para abordar o estudo económico.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acordar deixar a moción sobre a mesa, ate que se dean as condicións para abordar o estudo económico necesario para poñer en marcha as propostas contidas en ela.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MOVENEDA RELATIVA A FOMENTO DO EMPRADOAMENTO DE PERSOAS E CONTRA A PERDA DE POBOACIÓN DO CONCELLO

O portavoz do grupo municipal, Sr. Pita Galego, da lectura á moción do seguinte tenor literal:

“D. Juan Carlos Pita Galego e D. Carlos Caaveiro Puentes, concelleiros do *Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA* e integrantes do *Grupo Municipal MOVENEDA* do Concello de Neda, ao abeiro do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan ante ese Pleno Corporativo a seguinte **MOCIÓN** relativa á ***Fomento de empadroamento de persoas e contra a perda de poboación do Concello*** a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Neda está a sorrir desde os anos 50 un rápido e imparable proceso de avellentamento da poboación (nestes momentos aprox. un 30% ten máis de 65 anos) e perda de poboación, agudizado se cabe un pouco máis desde os anos 90 en adiante que nos aboca inexorablemente a baixar dos 5000 habitantes coa merma nas aportacións económicas que imos recibir de outras administracións. Os motivos fundamentais que están influíndo neste descenso de poboación son os seguintes:

- Marcha da poboación xove cara ós concellos limítrofes debido á maior oferta de vivendas, sobre todo en zona urbana.
- Emigración tanto nacional como internacional, cara a grandes cidades por mor

da crise, das reformas laborais efectuadas e da escaseza de traballo na comarca.

Así vemos a cotío que o número de vivendas baleiras aumenta día a día ó longo de todo o Concello, pero se cadra nun maior grao nas zonas urbanas, xa que como podemos constatar en determinados núcleos da zona rural como os da Cruz do Pouso, Riocobo- Galanos ou a Mourela Alta que gañaron poboación chegando a duplicarse nalgún caso, co que vemos que un modo de potenciar o empadramento sería potenciando as zonas rurais do Concello.

Do mesmo xeito vemos que pequenos negocios do ramo do comercio van pechando as súas portas por xubilación d@s propietari@s sen visos de que outras persoas sigan coa súa actividade, incrementando aínda máis a sensación de pobo en decadencia e falta de servizos que poidan atraer a novas persoas a instalarse no noso Concello .

Con este escenario descrito, e en aras de favorecer o empadramento de novas persoas , así como o de favorecer a dinamización da economía local, sometemos á consideración do Pleno municipal do Concello de Neda para o seu debate e aprobación a seguinte

MOCIÓN:

- Realización dun estudo por parte dos SS.TT. Municipais para o establecemento de Áreas de Rehabilitación parciais (por barrios ou parroquias), para tratar de mellorar as condicións das vivendas destas zonas que melloren a calidade de vida dos actuais veciñ@s e poder ofrecer vivendas de calidade coa intención de atraer a novas persoas a residir ao noso Concello e fixar a poboación actual tanto no rural como na zona urbana.
- Modificación da ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis co establecemento do recargo do 50% establecido no art. 72.4 do T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais para vivendas baleiras en propiedade de entidades bancarias e fondos de inversión, para tratar de forzar a estas entidades a que deixen de especular con estas vivendas e as ofrezan a prezos xustos.
- Modificación da ordenanza núm. 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras establecendo as bonificacións reguladas no art. 103.2, letras a) e b) do T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais que establecen:

“Las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto:

- a) Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.
- b) Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras en las que se incorporen sistemas para el aprovechamiento térmico o eléctrico de la energía solar. La aplicación de esta bonificación estará condicionada a que las instalaciones para producción de calor incluyan colectores que dispongan de la correspondiente homologación de la Administración competente.

La bonificación prevista en este párrafo se aplicará a la cuota resultante de aplicar, en su caso, la bonificación a que se refiere el párrafo a) anterior.”

- Mellorar as condicións de construción de vivendas rurais para a xente con poucos recursos, ou para xente que pretende establecerse no rural. Por exemplo, condicións especiais para a rehabilitación de vivendas en desuso.
- Servizos axeitados ao tempo no que vivimos.

Internet de alta velocidade é clave para o desenvolvemento de zonas afastadas dos núcleos rurais e para o asentamento de empresas que buscan outra forma de facer negocios (máis sostible e equilibrada), polo que desde o Concello debe esixírselle ás empresas provedoras destes servizos que doten ao termo municipal das infraestruturas necesarias para ter uns servizos de calidade.

Servizos axeitados de alcantarillado ou instalación de outros sistemas de recollida e depuración de augas fecais.

- A extracción de biomasa dos montes de forma organizada ademais de

contribuír á prevención de incendios forestais, tamén é unha importante forza para a creación de emprego, e por ende de asentamento da poboación rural.

- Dotación de microcréditos directos para agricultores e gandeiros que explotan os recursos naturais e xeneran vida en cada pobo.
- Prioridade ás persoas que habitan o rural con exencións fiscais por montar negocios en dita zona.

DEBATE: Sra. Pena Barcia: Es indiscutible que tenemos un problema de pérdida de población, que tenemos una población envejecida y que tenemos que tomar medidas, en este presupuesto que ahora se prepara, se establecen ayudas a la natalidad, a las familias numerosas, ya tenemos ayuda a la gente mayor para desplazamientos y ahora también sacaremos ayudas a servicios de podología para personas de escasos recursos, (no lo prestaremos nosotros que la Xunta ahora no deja) pero daremos ayudas, que eso no nos lo pueden prohibir, ampliaremos la dependencia a fines de semana, ponemos a funcionar la escuela infantil (lo que nos va a suponer un altísimo coste) y mejoramos cada día la limpieza , las pistas y carreteras, y eso evidentemente son medidas de fomento, y estas medidas que nombro tienen apoyo jurídico y presupuestario.

MOVENEDA propone un ramo de medidas, a vuela pluma, sin el menor desarrollo, algunas de ellas son un simple encabezamiento sin el menor desarrollo que impide saber exactamente a que se refieren incluso, vaya por delante que estamos de acuerdo con casi todas las medidas, yo añadiría 20 más, a título de ejemplo propondría que se estableciese una renta mínima vital para todas las unidades familiares, que ninguna familia contase con menos de 1200 euro al mes, evidentemente nuestra población se incrementaría no, se multiplicaría por 100; pero resulta que estaría vendiendo humo, estaría engañando porque sé que esta medida es imposible legal y presupuestariamente y si algo pueden tener todos muy claro es que pasados los cuatro años de gobierno, nos podrán decir que acertamos, que fallamos, pero jamás que mentimos, no apoyaremos ni una medida que sea de imposible cumplimiento, no apoyaremos la demagogia, el populismo ni haremos electoralismo.

En primer lugar esta moción es una especie de tormenta de ideas, sin el menor fundamento jurídico, sin dotación presupuestaria y sin desarrollo alguno:

1- Establecimiento de áreas de rehabilitación parciales por barrios o parroquias, para mejorar las viviendas, mejorar la calidad de vida de los vecinos y ofrecer viviendas de calidad para atraer personas, tanto en zona rural como urbana... con que dinero? a cargo de que partida presupuestaria? Paga el ayuntamiento íntegramente la rehabilitación de esas casas? Cuáles son los criterios para la concesión de esas ayudas?, como podemos ofrecer viviendas de calidad a personas de otros Concellos, se pretende que compremos las casa las rehabilitemos y las pongamos en alquiler y/o en venta? Obligamos a los dueños a poner en alquiler o en venta?. Evidentemente la falta de desarrollo de esta

idea, es alarmante, la imposibilidad de dotación presupuestaria es evidente y la imposibilidad jurídica es manifiesta. Es evidente que las ayudas a rehabilitación han de venir de la Xunta, de acuerdo totalmente en que lo que hacen es totalmente insuficiente, pero esto no lo puede hacer este Concello.

2- establecer un recargo del 50% establecido en el art. 72.4 de la Ley Reguladora de las haciendas Locales, a las viviendas vacías propiedad de los bancos, para que dejen de especular y ofrezcan las viviendas a precios justos; os aseguro que le tengo una inquina manifiesta a los bancos; pero si habéis leído ese artículo que nombráis, veréis, que esta medida no se puede aplicar a unos sí y a otros no, da la posibilidad de recargo a todas las personas que tengan viviendas vacías, si se impone a los bancos por entender que especulan, nada más y nada menos que estaríamos vulnerando la Constitución, sería una medida discriminatoria, que evidentemente llevarían a los tribunales o podrían llevar con absoluta posibilidad de éxito, entonces o a todos o a nadie, y de ninguna manera vamos a imponer ningún recargo a ningún vecino o vecina que tenga una vivienda vacía.

3- bonificaciones, esta sería la única factible, y aquí si tenéis el compromiso de que lo estudiaremos, pero la bonificación que pedís del 95% en las construcciones de interés social , pedís el 95% y ya tienen el 90% y ellos teniendo en cuenta que se cuentan con los dedos de las manos, también comprometo el estudio del incremento de la bonificación en las construcciones que incorporen la energía solar, la tiene de un 50% y pedís el incremento al 95%, medida que quedará en papel mojado, puesto que es público y notorio que con la regulación actual no se hacen estas instalaciones, y no se van a hacer mientras no se derogue el real Decreto de Autoconsumo.

4- mejorar las condiciones de las viviendas rurales para gente con pocos recursos o para gente que se pretende establecer el rural (sobreentendiendo que también con pocos recursos) , por ejemplo “ condiciones especiales” para la rehabilitación de viviendas en desuso.

Os repito las mismas preguntas, lo paga íntegramente el Concello? Qué son pocos recursos, como cuantificáis esto? Que entendéis por “condiciones especiales”? Esas condiciones especiales son sólo para las viviendas en desuso? me remito a lo dicho en lo de las áreas de rehabilitación, que es lo mismo pero limitado al rural.

5- que exijamos a las empresas suministradoras de internet de alta velocidad, que doten a todo el término municipal de infraestructuras para tener servicios de calidad. Yo no se si caéis en la cuenta de que son empresas privadas, no le podemos exigir nada, pedir lo hemos pedido muchas veces, la respuesta es que cuando lo estimen oportuno, pero os animo a que como concejales de este Concello le exijáis lo que estiméis oportuno. Espero que pronto salga la ley, que parece que saldrá, que de alguna manera les obligue, en ese momento podremos exigir y lo haremos como es evidente.

6- extracción de biomasa de los montes, como medida para prevención de incendios, fuerza de creación de empleo y de asentamiento de población rural, vaya por delante

que no encuentro relación entre extracción de biomasa y asentamiento de población rural, si respecto a la creación de empleo os referís a empleo de gente del Concello, ya sabréis que no podemos contratar, sería contratación de empresas, pero es que me gustaría que me explicaraís como podemos entrar en montes, que evidentemente son propiedad privada, a extraer nada de nada, no sólo vulneraríamos el Código Civil y la propia Constitución, sino que violaríamos preceptos de Código Penal, sin ser poco grave las otras vulneraciones, el Código Penal lleva penas de prisión. La extracción de biomasa consiste en restos de aprovechamientos forestales, derivados de limpiezas de montes, restos de plantaciones, leña, ramas, que se usan para producir energía, pero todo eso, la leña, los restos... tiene dueño.

7- Dotación de microcréditos directos para agricultores y ganaderos, os referís a microcréditos directos, entiendo dinero que directamente presta el Concello, antes de la crisis, algunos Concellos los suscribían con un banco, lo que en realidad era publicitar al banco, porque éste evidentemente imponía sus condiciones, hoy sabemos que los bancos son reacios, pero como va a prestar dinero el Concello? No puede ni legalmente, y me gustaría que cuando menos nos dijeseis a cargo de que partida presupuestaria.

8- prioridad para las personas que habitan la zona rural, con exenciones fiscales para montar negocios en esa zona. Base legal? Que exenciones fiscales concretas? Condiciones para otorgarlas?, es que no se puede plantear una moción sin el menor rigor, hacéis lo siguiente: “ahí os quedan nuestras ideas, si son factibles hacerlas como estiméis oportuno, que por supuesto no serían hechas a vuestro gusto, si no son factibles ya no es nuestro problema, exigiremos que las hagáis por haber votado a favor”. Por lo dicho, porque nosotros no vendemos humo ni demagogia tenemos que votar en contra de una moción que carece de desarrollo, que carece de fundamentación jurídica y carece de encuadre presupuestario.

Sr. Pita Galego: nin vendemos fume, nin demagogia, nin populismo. Así, por exemplo, todos estes días atrás recibimos do Concello correos electrónicos con convocatorias da Xunta de Galicia, para a instalación de banda ancha, para a instalación de enerxías renovables, para asentamento no rural, etc. O goberno municipal terá que estar atento a estas subvencións para ir mellorando estes servizos.

Sra. Pena Barcia: se trata da vosa opinión ao respecto, pero sigo pensando que é demagogia, xa que a moción presentada non está desenvolvida, carece de fundamentación xurídica e orzamentaria.

Sr. Cabezón Lorenzo: fai meses sacamos este tema a colación no Pleno. Estamos en 5.192 habitantes e estou de acordo en que se tomen medidas para non baixar dos 5.000 habitantes, porque perderíamos o 20% das aportacións do Estado, da Xunta e da Deputación Provincial. Por iso, creemos que a cuestión está en avaliar canto diñeiro se perdería si baixásemos desa poboación e dedicarlo a realizar medidas de fomento para evitar a citada perda de poboación neste municipio.

Sra. Bouza Bellón: nos preocupa a perda de poboación, pero temos que saber que se está producindo a nivel comarcal, por falla de emprego, e que teríamos tamén que darlle ao problema esa dimensión.

Estamos a favor do espírito da moción, pero está plantexada como unha tormenta de ideas que necesita de maior reflexión.

Sr. Pita Galego: por citar algúns aspectos parciais da moción que presentamos, as áreas de rehabilitación me dixo o Arquitecto municipal que se podían delimitar igual que se fixo co ARI da Rúa Real.

Estamos de acordo en que o problema é comarcal, pero creo que a nivel municipal temos que buscar solucións entre todos, mais alá de siglas partidarias.

Pensamos que a nosa moción debería ter un impacto positivo, polas medidas que nela se propón, e sen prexuízo dun estudio pormenorizado para concretar as fórmulas xurídicas e orzamentarias, iso é o que solicitamos coa nosa proposta.

Sr. Alcalde: en canto ás zonas de rehabilitación ás que aludes, hai que lembrar que as axudas de rehabilitación no ARI están financiadas dentro do Plan de Vivenda, e noutras zonas non habería tales axudas.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta non presta aprobación a transcrita moción, con 2 votos a favor da súa aprobación dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, e 11 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO.

8º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN FAVOR DO MANTENIMENTO DO “CICLO DE BACHARELATO DE HUMANIDADES, CIENCIAS E TEXNOLOXÍA” NO IES CASTRO DA UZ DE AS PONTES

O portavoz do grupo municipal de MOVENEDA da lectura á proposta de declaración institucional en favor do mantemento do “Ciclo de Bacharelato de Humanidades, Ciencias e Tecnoloxía” no IES Castro da Uz de As Pontes, do seguinte tenor literal:

“Don Juan Carlos Pita Galego, concelleiro do *Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA* e Voceiro do *Grupo Municipal Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA* do Concello de Neda, ó abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula ante ese Pleno Corporativo a seguinte proposta de

RESOLUCIÓN:

Por todas é coñecida a situación de crise económica que vivimos nos últimos tempos, agravada polas políticas de recortes que o Partido Popular implementou en tódolos ámbitos, nomeadamente no administrativo, no sanitario e no educativo. O que se busca con estas políticas é a merma nos servizos públicos, baleirando as pequenas vilas das dotacións esenciais, incrementando a brecha entre clases sociais e buscando as privatizacións e o enriquecemento duns poucos.

Precisamente, e no tocante á educación, as comarcas do norte están a vivir nestes últimos tempos unha situación de desmantelamento

acuciante e de perda da calidade educativa, froito dos recortes que proveñen tanto da Xunta de Galicia coma do Goberno do Estado.

Así é certo que nos municipios veciños de Pontedeume e de As Pontes se está denunciando a merma na calidade educativa:

En Pontedeume, os centros públicos de educación secundaria están á plena capacidade, sen espazo para todo o alumnado nos vindeiros cinco anos. Situación que obriga aos pais a escoller entre o ensino público, o concertado ou o traslado a outras localidades, pois a Xunta ven de negar a apertura dunha nova liña de bacharelato.

Nas Pontes, a Xunta de Galicia pretende suprimir a liña de bacharelato de Ciencias, Humanidades e Tecnolóxica no IES Castro da Uz, trasladándoa para o Moncho Valcarce, o que a longo prazo conlevará o peche do primeiro e a masificación das aulas no segundo.

Esta corporación debe poñerse no lugar dos veciños ponteses e dos seus representantes municipais e imaxina a situación de desamparo e desacougo que xeraría en Neda unha agresión no caso de que a Xunta de Galicia tomase semellante decisión no IES Fernando Esquío.

Ante esta situación de gravidade na que se atopa o ensino nas nosas comarcas, esta corporación municipal do Concello de Neda desexa expresar o seu total desacordo coas políticas de recortes levadas a acabo polo Partido Popular, e en concreto coas actuacións seguidas pola Xunta de Galicia nos concellos referidos por tratarse de decisións tomadas de xeito unilateral e adoptadas sen consulta nin información previa aos afectados, moi especialmente profesorado, alumnado e os seus proxenitores.

Este tipo de decisións, tomadas atropeladamente, cando non con nocturnidade e alevosía, seguindo criterios puramente economicistas, non garanten nin a calidade nin a eficacia dun servizo esencial como o é a Educación, que entendemos debe ser público, gratuito e de calidade.

A gravidade da situación ven dada polos seguintes feitos:

1.- A Xunta de Galicia non ten en conta a situación a longo prazo, non prevé o incremento do número de alumnos e alumnas nos vindeiros anos, o que producirá ineludiblemente unha situación de masificación nos centros.

2.- A Xunta de Galicia non toma ao alumnado coma persoas, senón coma meros números. Non prevé os posibles casos de diversidade funcional que poidan existir nin tampouco daqueles que precisen reforzos educativos, alumnos e

alumnas que precisarán de atención especializada e de aulas específicas que a todas luces será imposible de ofrecerlles.

3.- A Xunta de Galicia non toma en conta a situación do profesorado dos centros. No caso de Pontedeume non incrementa o número de docentes; no caso de As Pontes non se cubren as prazas definitivas de xubilacións nin traslados.

4.- Todo o exposto anteriormente redunda na perda de calidade educativa para o alumnado, con aulas masificadas, sen atención especializada nin con garantía de que a ensinanza sexa a cargo de profesorado formado para materia.

En virtude das razóns expostas, este Pleno Municipal ACORDA:

1.- Amosar o total apoio ás alumnas e alumnos afectados e mais ás súas familias.

2.- Expresa-lo seu total apoio aos Concellos afectados e ás forzas políticas que tomaron a bandeira da defensa dos servizos e da oferta educativa existentes.

3.- Amosar o rexeitamento á proposta xa Xunta de Galicia de reducir o ciclo de Bacharelato de Humanidades, Ciencias e Tecnoloxía no IES Castro da Uz de As Pontes, por basearse exclusivamente en criterios puramente economicistas.

4.- Amosar o rexeitamento á proposta da Xunta de Galicia de non implementar unha nova liña de Bacharelato en Pontedeume, por basearse exclusivamente en criterios puramente economicistas.

5.- Amosar o rexeite a calquera medida que vaia en detrimento da calidade do ensino.

6.- Solicitar á Xunta de Galicia a paralización destas decisións e a solución inmediata á situación do alumnado afectado e máis das súas familias, así como que se poñan os medios necesarios, tanto humanos coma materiais, para garantir unha educación pública, gratuita e de calidade.

Acorda tamén, que

1. Se publique un bando informando ós veciños desta decisión.
2. Se notifique este acordo ó Concello de As Pontes, ao de Pontedeume, á Xunta de Galicia, e ós grupos do Parlamento de Galicia.
3. Se notifique esta resolución ós medios de comunicación e publicite nas redes sociais.

DEBATE: Sra. Pena Barcia: estamos de acordo, porque somos contrarios aos recortes, especialmente en ámbitos sensibles como a educación.

Sr. Cabezón Lorenzo: non estamos de acordo, e fago unha pregunta ao respecto: tendes os concelleiros de PSdeG-PSOE e MOVENEDA relación cos sindicatos que están alineados cos vosos partidos? Porque todos os sindicatos de As Pontes salvo o BNG están de acordo coa unificación deste módulo formativo.

Sra. Pena Barcia: o ignoro, e aínda que o soubese non teño porqué estar de acordo con ningún sindicato.

Sr. Pita Galego: non represento nesta Corporación a ningún sindicato, senón aos veciños de Neda, é o importante, e de aí a declaración institucional, é que se están eliminando servizos públicos para privatizalos, e non estamos de acordo.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita declaración institucional, con 9 votos a favor da súa aprobación dos Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, e 4 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as do PP.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do grupo municipal do PP, Sr. Cabezón Lorenzo**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Queríamos saber qué obras se están a realizar na Casilla do Puntal?

Sr. Alcalde: se están compactando e arranxando algunhas pedras.

2º.- De qué se trata o recurso de reposición interposto perante a Dirección Xeral de Función Pública do Ministerio de Facenda?

Sr. Alcalde: trátase dun recurso de reposición inicial, e agora xurisdiccional contencioso-administrativo contra a convocatoria do posto de Intervención deste Concello de Neda, xa que consideramos que debe haber unha reserva de posto durante dous anos en favor do anterior titular.

3º.- Por qué se votou do Concello a Ángeles Rodríguez, Axente de emprego e desenvolvemento local, a pesar de ter sido declarado improcedente o seu despido por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

Sr. Alcalde: non se votou a ninguén, simplemente entendemos dende o goberno municipal que as funcións que desempeñaba non son competencia do Concello, e custaba 26.000 euros anuais ao erario municipal, por iso non se asumiu a continuidade. Non temos nada en contra de nadie. Tratábase dunha competencia municipal impropia.

Sr. Cabezón Lorenzo: Ángeles facía moitas funcións dentro do Concello, e teño que dicir que este goberno municipal afirma defender á muller traballadora, e despide a unha muller pagándolle 12.000 euros de diñeiro público.

4º.- Qué actuación se pretende realizar sobre as pedras da Rúa Real?

Sr. Alcalde: temos bastantes deficiencias nas pedras do cano real, e pediremos autorización á Dirección Xeral de Patrimonio para a substitución por outras pedras máis uniformes, por exemplo, como as que hai na Rúa Paraíso.

5º.- Se están denegando solicitudes de pernocta no pavillón polideportivo a grupos de peregríns?

Sra. Bouza Bellón: se está estudando a problemática de seguros, plan de prevención e seguridade, e vendo a posibilidade ofrecida polo IES Fernando Esquíu de que se poidan ubicar no seu pavillón polideportivo, xa que parece que a Consellería de Educación é favorable á cesión de estas instalacións para esta finalidade.

Seguidamente intervén o **concelleiro do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Caaveiro Puentes**, quen formula os rogos e preguntas seguintes:

1º.- Aplaudimos as asembleas que se fixeron en diversas parroquias por parte do Concello, para tratar temas como a polilla da pataca, o problema da vespa velutina, os orzamentos participativos, pero ao tempo pedimos que se depure un pouco máis a información, por exemplo, no tema da polilla da pataca que non se entregue aos asistentes un dossier con información que contén lexislación que xa non resulta aplicable.

Sr. Alcalde: fixemos de momento estas reunións como grupo socialista, non como Concello, en non entregamos dossier algún.

2º.- En canto á vespa velutina saudamos o traballo contra esta praga, por exemplo, a merca dos traxes, pero ao tempo queremos saber qué garantías terán os que os usen, seguros, formación...

Sr. Alcalde: xa o estudaremos.

Sr. Caaveiro Puentes: solicitamos que se actúe con rigor.

3º.- No tema dos orzamentos participativos, queremos saber cantas propostas se levan recollidas, qué peso van ter na elaboración definitiva do orzamento, e de qué prazos podemos falar.

Sr. Alcalde: estamos en fase de elaboración, e os veciños nos transmiten que queren, sobre todo, arranxo de viais.

Sr. Caaveiro Puentes: qué prazos hai para presentar propostas.

Sr. Alcalde: un prazo aberto.

4º.- Estamos algo confusos coas redes sociais institucionais, onde se comparten cuestións propiamente institucionais do Concello con outras que non o son.

Sr. Alcalde: non estamos detectando problemas, e os que poida haber os solucionaremos. Primeiro subo as cousas ao meu perfil, e logo as comparto, porque non temos contratado nin en plantilla periodista para que faga estas labores.

5º.- As asembleas de que falamos antes, que o Sr. Alcalde di que foron feitas polo grupo socialista, e non polo Concello, o certo é que foron anunciadas na Comisión de coordinación de delegados de áreas de 20 de febreiro de 2017, así que seguimos sostendo que se confunde o partidario co institucional.

Sr. Alcalde: a acta á que fai alusión non se refire ás asembleas feitas por parte do grupo socialista, senón a outra institucionais que se farán polo Concello.

Sr. Caaveiro Puentes: se presta a confusión, en calquera caso, pero ¿estamos entón á espera de esta asembleas institucionais?

Sr. Alcalde: si.

6º.- En canto á reunión dos alcaldes da comarca, sobre o tren a Ferrol e á súa comarca, qué se acordou?

Sr. Alcalde: de momento, facer unha declaración institución de solicitude e apoio.

7º.- Temos algunha novidade sobre a posta en marcha da comisión da lei de memoria histórica?

Sra. Bouza Bellón: estamos pechando os representantes que a conformarán, para poñela xa en funcionamento.

Toma a palabra a **concelleira do PP, Sra. Insua Cabanas**, quen formula a seguinte pregunta:

1º.- Queremos saber por qué Moveneda utiliza para convocar as súas asembleas os taboleiros de anuncios municipais?

Sr. Alcalde: porque se lles autorizou, e se lle autoriza a calquera grupo municipal que o solicite.

Sr. Pita Galego: e ademais hai que ter en conta que non podemos facelo, por Ordenanza municipal, en ningún tipo de mobiliario público municipal, como as marquesiñas.

A continuación intervén o **portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Pita Galego**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- O recente informe da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Neda, reflicte moitas discrepancias, de xeito que pode deducirse que, o ben o fixo moi mal o equipo redactor, ou ben dende aquí non se revisou o traballo feito.

Sr. Alcalde: o fixeron os técnicos.

Sr. Cabezón Lorenzo: o que se pretende co Plan Xeral de Ordenación Municipal é que os núcleos rurais aumenten, para que así a xente poida ver colmadas as súas aspiracións de crecemento. Por iso se fixo un traballo de máximos, que agora a Xunta de Galicia recorta.

Seguidamente intervén o **concelleiro do grupo mixto-CG, Sr. Seijo Martínez:**

Son o primeiro presidente dunha Comisión Informativa deste Concello que é impugnada, e ademais de iso, por parte de Moveneda, quen foi que impugnou a Comisión, se verte unha información nas redes sociais co meu nome. Teño que dicir que dende o Concello se deron explicación de porqué non se puido convocar á citada Comisión coa anticipación que marca a lei, porque o propio día da convocatoria houbo un problema toda a mañá con internet, pero iso non foi suficiente explicación para o Sr. Pita Galego.

Despois volven a colgar nas redes sociais un acordo da Xunta de Goberno Local recoñecendo á nulidade da convocatoria impugnada, e novamente volve a figurar o meu nome.

Todas as convocatorias que fixen da Comisións foron consensuadas con todos os membros, para cadrar datas e horas de traballos e dispoñibilidade, incluído vostede, Sr. Pita Galego, a que se lle chamou moitas veces para ver horas e datas posibles para asistencia.

E para rematar, como non valeu soamente colgar nas redes sociais o meu cargo e o meu nome, tamén puxestes a miña foto.

Dende logo reprobó estas condutas, e non é a forma habituar de comportarnos entre todos os membros da Comisión.

Sr. Pita Galego: postos a ser serios, imos ser todos serios, e si que é verdade que moitas veces se me chamou para cadrar datas e horas da Comisión, pero esta vez non, e ademais se me convoca de un día para outro, e por tanto sen tempo para estudar os asuntos a tratar, e por ese motivo se impugnou.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e trinta e cinco minutos do día sinalado no

encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral